

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 24 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito da titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio para o curso 2023/24.*

A Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional, do 4 de abril de 2023, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2023/24 (DOG do 20 de abril), establece que o tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito da titulación de educación secundaria obrigatoria será designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional.

De conformidade co establecido na citada Resolución do 4 de abril de 2023,

#### RESOLVO:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba que substitúe o requisito da titulación de educación secundaria obrigatoria para o acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio para o curso 2023/24 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Os membros deste tribunal terán dereito a percibir asistencias, de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2023

María Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional



**ANEXO**

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidente	Fernando Fernández Fraga	Presidente	Rubén Vázquez Rodríguez
Secretaria	Verónica Martínez Delgado	Secretaria	Rosalía Polo Cal
Vogal 1º	David Cobas Medín	Vogal 1ª	María Victoria Cerviño Ferrín
Vogal 2ª	Marina Carlota Mascareñas García	Vogal 2ª	Ana María López Díaz
Vogal 3º	Francisco Javier Poch Gutiérrez	Vogal 3º	Antonio Pedro Doñate Mañeru
Vogal 4º	Juan Carlos Fandiño da Torre	Vogal 4º	Xián Otero Camaño

